

O MOSTEIRO DE PRAVIO (CAMBRE). NOTAS E APUNTAMENTOS SOBRE A SÚA BREVE EXISTENCIA NA ALTA IDADE MEDIA

Javier García Gómez

Resumo

Presentamos un pequeno traballo sobre as orixes do mosteiro de Pravio (Cambre, A Coruña), as súas relacóns coa monarquía, cos estamentos privilexiados nobiliarios e eclesiásticos, cos mosteiros de Sobrado e Cambre; así como a importancia de todos eles na articulación territorial de Nendos no contexto histórico-cronolóxico dos séculos finais da Alta Idade Media.

Abstract

We present a short paper on the origins of the monastery of Pravio (Cambre, A Coruña), its relations with the monarchy, with the privileged noble and ecclesiastical estates, with the monasteries of Sobrado and Cambre; as well as the importance of all of them in the territorial articulation of Nendos in the historical-chronological context of the final centuries of the High Middle Ages.

Palabras clave

Territorio de Nendos, bispo Hermenexildo, Spasandus, Renfurcus, mosteiro de Pravio, mosteiro de Sobrado, mosteiro de Cambre.

Keywords

Nendos territory, High Middle Age, Pravio monastery, Sobrado monastery, Cambre monastery.

Introducción

O principal obxectivo exposto á hora de abordar este traballo, non era outro que a investigación e desenrollo das escasas referencias historiográficas e documentais dispoñibles sobre o mosteiro de Pravio, a súa efémera existencia, orixe e evolución no contexto histórico e o marco cronolóxico comprendido entre a Alta e a Baixa Idade Media, no ámbito espacial das Mariñas coruñesas¹. Mediante a análise crítica e interpretación dos documentos e pegameos dispoñibles, de natureza e procedencia heteroxénea, presentamos unhas primeiras achegas sobre a orixe e asentamento desta institución monástica rural. Ás tarefas iniciais de recompilación, inventariado, catalogación, estudo e análise das fontes documentais primarias e o material bibliográfico e arquivístico consultados, fomos engadindo un proceso de ordenación, tradución e posta en contexto deste reducido corpus documental medieval, partindo das referencias mais antigas datadas na primeira metade do século IX.

1 Na actualidade, a parroquia de Pravio, baixo a advocación de San Xoan, pertence ó concello de Cambre, no centro da comarca das Mariñas na provincia da Coruña; eclesiasticamente incluída no Arciprestado de Alvedro, pertencente á Arquidiocese de Santiago de Compostela.

Como complemento á estrutura do traballo, incluímos ó final un pequeno apéndice bibliográfico coa transcripción da producción documental investigada e analizada, conformando un catálogo necesario e obrigado, ó noso parecer, para unha correcta visión e interpretación do corpus decretivo. A escaseza e dispoñibilidade actual de fontes de información específicas, deixa aberta a posibilidade de novas achegas documentais, aspectos e obras que poidan ser utilizados en futuras investigacións con perspectivas de estudo e enfoques metodolóxicos diferentes, a xeito de complemento e revisión ás valoracións conclusivas que veremos.

Do mesmo xeito, a inexistencia de restos materiais e arqueolóxicos fai inviable unha análise dos procesos construtivos, imposibilitando o estudo en profundidade da fundación deste templo e o mosteiro, perspectiva que entendemos sería a mais axeitada, mediante a combinación destas dúas tipoloxías de información, a achega textual e a arqueolóxica. Mais con todo, resultan fundamentais os datos aportados sobre a situación xeográfica, as características do medio físico, hidrografía, toponimia e capacidade produtiva do entorno; elementos que nos permiten, aínda que sexa nunha primeira aproximación, analizar a evolución da estrutura territorial de Nendos no período alto medieval.

Implantación territorial da igrexa alto medieval

O período alto medieval no que se encadra a orixe cronolóxica e xurdimento do mosteiro de Pravio, circunscribese no contexto histórico da tardo antigüidade que supuxo a fragmentación e fin das estruturas de dominación romana, a partir do século V aproximadamente dependendo da variabilidade rexional, nun modelo de adaptación ós sistemas de organización galaico romanos herdados daquela época. A introdución e expansión do cristianismo no mundo rural, supuxo un momento de inflexión na citada configuración da organización territorial, aínda que aproveitando a xeito de continuidade a administrativa romana existente, nun proceso sociocultural de cristianización progresivo e constante.

Relacionado directamente coa xeografía da romanización, este proceso de difusión do cristianismo no ámbito rural do territorio de Nendos, que logo analizaremos, aproveita o importante papel de dominio dos clans familiares con dereitos de propiedade, dos pequenos grupos eremíticos e asentamentos monásticos establecidos en puntos de forte tradición romana, como no caso da *villae* de Cambre. Deste xeito, o modelo de implantación territorial da igrexa nestes espazos, efectúase mediante a creación de edificios de culto, as primeiras *ecclesia* e os mosteiros de fundación familiar, como Pravio e Cambre, onde existe un importante xacemento arqueolóxico romano a carón dunha vía de comunicación de primeira orde como é a Vía XX do Itinerario de Antonino, factores que consideramos determinantes na nova xerarquía organizativa eclesiástica.

O ámbito xeográfico: territorio de *Nemitos* ou *Nendos*

A organización espacial e territorial medieval no contexto xeográfico das Mariñas coruñesas, a súa orixe, desenrollo e consolidación, baséase no papel fundamental das igrexas rurais como elemento artellador dos procesos que definirán a sociedade da época, e a súa función de nexo entre o poder das elites locais e as comunidades campesiñas. Unha das referencias documentais mais antigas que atopamos, insérse no testamento do bispo Odoario datado do 747, no que deixa as súas numerosas posesións á igrexa de Lugo, entre elas: *In Nemitos: Ecclesia Sancti Saluatoris de Ylioure per suis terminis ab integro*². As primeiras referencias nominais a igrexas no antigo territorio alto medieval denominado *Nemitos*, como unidade administrativa eclesiástica pertencente á diocese de Iria, atopámolas nun tratado entre o monarca Alfonso II e o *Dominus Tructinus* no ano 830, onde se relacionan un total de doce templos neste ámbito xeográfico, dependentes directamente do bispo, que podemos vincular especialmente coa permanencia de rede viaria romana.

2 López Sangil, José Luis; Vidán Torreira, Manuel (2011). «Tumbo Viejo de Lugo (Transcripción completa)», *Estudios Mindonienses*, 27. Cabildo de la Catedral Mondoñedo. Centro de Estudios de la Diócesis de Mondoñedo-Ferrol, pp. 12-373. Doc. 2, p. 30. 747, *xullo, 15. Item Eiusdem Testamentum Episcopi Domni Odoarii*, fol. 1v-3r.

In Era DCCCLXVIII venit dns. Tructinus per ordinationem dni. Adefonsi principis et consignavit dno. Adulfo episcopo ecclesias quecumque sunt proprie Hyriensis Sedis id est; In Nemitos sca. Eulalia in Castellum ad Asperunti; sca. Maria in Portimilio; ecclesia de Bandoia; ecclesia Montani ad Reuoreto; scm. Stephanum in Piauela; scm. Iacobum ad Berosindi; scm. Uincentuim ad Cella Gundemari in ripa de Mero; ecclesia in Mandagio; ecclesia in Palleo; sca. Eulalia in Auigondo cum sua uilla et scm. Tirsum in Auegondo³.

Neste mesmo documento insérese un fragmento tomado dun Código, custodiado no Arquivo da Catedral de Santiago de Compostela que, baixo o título de *Concordias con esta ciudad, privilegios y constituciones*, contén unha relación das igrexas pertencentes á Sé Iriense no territorio de Nendos praticamente coincidente co de Tructino, onde volve a aparecer San Vicente de Cela.

Noticia de ecelesiis que sunt in Nemitos de sede hyriense ex antiquo: id est, scm. Tirsum de Mauegondo; scm. Stephanum de Paleo; scm. Vincentium de Celia; sca. Maria de Porcimilio; scm. Julianum de Mandagio; scm. Stephanum de Piauela; sca. Eulalia de Sepelunca; sca. Eulalia de Avegondo; scm. Martinum de Bandogia; sca. Maria de Revoreda; sca. Maria de Vilarino quam fecit Romanus cum suis gasalianis, et duas subditas de Piauela unam et aliam de Paleo; scm. Petrum de Ladeaonio; sca. Maria de Gonduze.

Neste documento do ano 830, non atopamos a igrexa de Pravio entre elas, aínda que si a veciña de Cela que, xunto co lugar de Peiraio, serán doadas por Ordoño II ó abade Gundesindo no 917; ademais de outras moitas da contorna no territorio de *Nemitos*. Esta omisión, xunto co dato que aportamos de seguido sobre a orixe do mosteiro de Pravio, arredor do 842-850, lévanos a concluir que, cunha alta probabilidade, trataríase dun establecemento de fundación e natureza privada que xa existiría neste ámbito cronolóxico, polo que non figuraría na citada relación de Tructino. Serían, polo tanto, coincidentes o establecemento monacal coa propia igrexa, onde as elites locais fundarían o primeiro templo para o culto cristián, acoutando e consolidando o seu territorio como xerme da orixe, evolución e asentamento da igrexa rural, como elemento principal da organización territorial e arti-

3 López Ferreiro, 1898: 6-8. Apéndices n.º II. *Designación feita por Tructino, delegado de D. Alfonso II, dalgunas das Igrejas pertencentes á Se Iriense. Era DCCCLXVIII.*

culación espacial da Alta Idade Media. No ámbito da creación da rede eclesiástica no territorio de Nendos, observamos un considerable incremento durante os séculos IX e X, perceptible no crecente número das fontes documentais e referencias a fundación de igrexas, principalmente baixo a fórmula de *ecclesiam fundata, basilica qui est fundata*, ou como no caso de Pravio, *cuius basilica fundata*.



Ordoño II, rei de Galicia (910-914) e León (914-924).

No ano 915, o monarca Ordoño II restitúe á Se de Iria unha serie de *commissa*, divisións territoriais coincidentes co establecemento dos definitivos distritos eclesiásticos do bispado de Santiago, que perdurarán durante a Idade Media e que servirán de base para a organización dos arciprestados a partir do século XII, entre os que se relaciona o de *Nemitos*.

[...] *Et hec Sedes Hiriensis quae est coniuncta loco patronis nostri Sancti Iacobi Apostoli, fines suos ab omni integritate custodiat et contineat, sicut ab antiquis patribus praescriptos cognuimus, id est: Trasancos, Labatiencos, Nemancos,*

*Celticos et Carnota, quam obtinuit episcopus Lamacensis; necnon Nemitos, Faro, Brecantinos et Somnaria, quam obtinuit episcopus Tudensis [...]*⁴.

Esta nova unidade territorial caracterízase por unha homoxeneidade socioeconómica, histórica e cultural, abarcando a zona litoral das rías da Coruña e Betanzos, ademais dos vales do Mero, Mendo e Mandeo cara o interior; coincidindo aproximadamente cos actuais termos municipais de Cambre, Bergondo, Oleiros, Sada, Betanzos, Oza-Cesuras e Abegondo, ós que se engade parte dos de Aranga, Irixoa, Paderne, Coirós e Carral, como transcribe López Ferreiro nun documento de 1112.

*[...] Et in terra de Nendos do etiam uobis illum Castellum de Leyro cum suis hominibus et cum suo karitele et alias hereditates quas ibi inuenire portueritis per terminos de Spelunca et per Rania Longa et per terminos de Montanos et Pergalo et inde per terminos de Faro et per illam Carreriam de Singraes usque in Merum et inde quo modo currit et ferit mare et de alia parte per illam aquam de Iuncarias usque in mare*⁵.

A partir do século IX asistimos a un progresivo cambio no carácter fundacional das igrexas rurais, xa firmemente asentadas social e espacialmente como elemento clave da organización comunitaria, que deixan de presentarse como unha ofrenda persoal con fins espirituais, económicos e de prestixio, para converterse nunha creación directa do bispado, preocupado pola súa expansión e control alleo a encomendas e interferencias de índole privado.

Evidencias arqueolóxicas e topónimia

Desde a perspectiva da continuidade de ocupación dun asentamento castrexo, atopamos no territorio de Nendos sobrados exemplos da evolución histórica da poboación a carón das orixinarias croas, nestas primeiras vilas xurdidas

4 Lucas Álvarez, 1998: 89. Doc. 28. 915, xaneiro, 29. Zamora. *Confirmación de Ordoño II e Elvira á Igrexa de Santiago, da posesión de seis millas concedidas por Alfonso III e outras doce engadidas.*

5 López Ferreiro, 1900: 81-83. Apéndices nº XXVIII. *Maio de 1112.*

nos séculos alto medievais trala finalización do proceso de romanización e a desaparición das explotacións rurais romanas de carácter familiar, *as villae*. As referencias documentais mais antigas e a permanencia da micro toponimia, son indicativos desta afirmación. Os topónimos rematados en –bre, por derivación de *bris-briga*, como Cambre, sería o nome habitual dos castros no territorio do golfo Ártabro, o que nos permite relacionar as aldeas coa proximidade a este tipo de asentamentos.

De xeito similar, outros poboamentos de Nendos nas beiras dun castro teñen a orixe da súa denominación derivada dun antropónimo prerromano indíxena, como no caso que nos ocupa, referido a un cabeza de familia que abandona o asentamento castrexo para establecerse nunha zona adxacente mais produtiva. As fontes documentais dispoñibles son igualmente indicativas da toponimia asociada ós castros como puntos de referencia espacial, *archam de castro de Prauio*, *anta de Prauio* e *mamolan de Storrentada*, na doazón de Gutier e Aloito en 932; ou os lugares de *castrum inter Armentar et Extorrentada et per anta inter Armentarem et Cella*, na delimitación xeográfica da xurisdición de Cambre concedida en 1141 por Alfonso VII. Na actualidade, consérvanse na parroquia de Pravio os topónimos Castro e Castrillón, manifestación da supervivencia secular na memoria colectiva, destas estruturas de poboamento que se remontan á Idade do Ferro.

O importante papel de artellamento na estrutura territorial do primeiro edificio de culto en Pravio, ben dado pola coincidencia co asentamento principal da poboación, como veremos ó analizar a documentación, onde mosteiro, igrexa e vila se atopan concentrados nun mesmo lugar, *sancti Iohanis de Prauio*. Tomando como referencia a análise das necrópoles alto e pleno medievais no territorio de Nendos realizado por Sánchez Pardo, en Pravio localizáronse restos óseos humanos durante as tarefas agrícolas nun punto denominado *A Igrexa*, pertencente ó lugar de Fontenla, onde conforme os veciños estaría a antiga igrexa e cemiterio, da que non se conservan restos arqueolóxicos; cuxo templo parroquial atópase na actualidade trasladado a escasos 100 m. no lugar de San Bartolomeu⁶. A cronoloxía desde primitivo asentamento medieval

6 Sánchez Pardo, 2008: 657. *Restos óseos humanos exhumados en tarefas agrícolas en Pravio*.

estaría arredor do século VII que, como veremos de seguido, é algo anterior á data fundacional proposta, arredor de mediados do IX.



Ámbito xeográfico da contorna de Pravio, Cela e Cambre.

Esta probable existencia dun espazo funerario asociado a un edificio de culto, concorda co estudo de Blanco Torrejón no que relaciona, baixo a tipoloxía de restos óseos, dita evidencia localizada no punto co micro topónimo de *A Igrexa*, no lugar de Fontenla, incluído no Catálogo do Servizo de Arqueoloxía da Subdirección Xeral de Conservación e Restauración de Bens Culturais da Xunta de Galicia, co número de Patrimonio GA15017014⁷. As necrópoles e zonas de enterramento de ámbito local, configúranse como lugares dotados de connotacións sagradas onde xurdirán fundacións de igrexas rurais, principalmente da man das elites aristocráticas locais, nunha relación directa entre os espazos funerarios e os primeiros templos cristiáns⁸.

7 Blanco Torrejón, 2022: 702. *Anexo. Tabla de posibles evidencias.*

8 Sánchez Pardo, 2010: 156.

Orixes do mosteiro de Pravio


Atendendo á análise do contenido documental disponible, podemos delimitar unha primeira periodización na formación e consolidación desta institución monástica, dentro do proceso de formación da historia cristiana de Galicia, arredor do xerme da institucionalización do ascetismo relixioso que se produce durante a Alta Idade Media. A xénese deste movemento, xurde como xerador e artellador de novas formas de vida e cultura, nun longo proceso de xestación onde comezan a emerxer os primeiros e illados mosteiros baixo o patrocinio dunha poderosa familia ou liñaxe da zona. Aparecen así as primeiras formacións monacais de carácter patrimonial, onde incluímos o pequeno mosteiro de Pravio, como prototipo de estrutura territorial e manifestación da autoridade señorial que rematará conformando unha nova e reducida comunidade organizada en torno a esta institución, estratexias de poder que se agochan detrás da creación das igrexas e mosteiros rurais nos séculos IX e X.

Como aspectos e consideracións previas, indicar que a fundación do mosteiro familiar xurde, neste ámbito cronológico, como un eficaz instrumento que permite a formación dun movemento de cooperación entre parentes que excede o ámbito familiar mais directo, favorecendo unha articulación vertical destas relacións de parentesco na que se apoiará o grupo aristocrático emergente. A propiedade territorial vinculada ó mesmo, estará en constante transformación por mor das herdanzas, uniões matrimoniais, doazóns e compra ventas, consecuencia da constante mobilidade característica do grupo aristocrático alto medieval que permite a súa prolongación no tempo, como veremos.

Configúrase, deste xeito, a orixe como mosteiro familiar fundado por unha liñaxe poderosa, asociando o seu dominio á propia estirpe e ó padroado parenteral, establecendo unha relación vinculante cos bens propios da fundación monástica. Esta fórmula rematará por combinar aspectos xurídicos de tradición romana coas novas concepcións visigodas de soberanía, propiciando así a aparición de variadas mostras de consentimento popular ás funcións reitoras que se expresarán no feudalismo de vasalaxe dos séculos posteriores. Ademais da organización territorial, engádese a articulación da sociedade medieval como

espazo de encontro entre o poder das elites locais e os propios procesos socio-culturais que definirán as comunidades campesiñas nos séculos posteriores.

De igual maneira que observamos noutras institucións monásticas similares asentadas na comarca das Mariñas, o territorio medieval denominado *Nemitos* ou *Nendos*, non dispoñemos de documentación nin datos exactos sobre a data e circunstancias da fundación do mosteiro de Pravio. A referencia documental mais antiga atopámola nunha escritura testamentaria datada no ano 939, na que o bispo compostelán Hermenexildo (924-951) fai doazón ó mosteiro de Pravio, de todas as súas posesións pertencentes á institución e á propia vila, para alimento e vestido dos monxes que alí viven: [...] dono atque concedo pro uictu atque uestito monachorum in ipso loco deseruentium (documento 4).



AHN. Testamento do bispo Hermenexildo, 939.

Aínda que temos constancia doutros documentos anteriores referidos a Pravio, que logo analizaremos, este de 939 contén dous datos de especial relevancia. Nun primeiro parágrafo, Hermenixildo afirma que o mosteiro de Pravio foi fundado por *Spasandus e Renfurcus* nesta vila a carón do río Mero, en territorio de *Nemitos*, en honor a San Salvador, Santa María, San Xulián e Santa Basilisa: [...] *siue ab honorem sancti Saluatoris et sancte Marie et sancti Iuliani et sancte Basilisse, cuius basilica fundata esse dignoscitur in uilla que uocitant Prauio, territorio Nemitos iuxta fluuium quem uocitant Mero.* De seguido, engade que estos personaxes fundadores doaron ó monarca Ramiro I a quinta parte que posuían na vila de Pravio: [...] *de uilla iam superius nominata de V^a portione ab integro secundum illam concesserunt Spasandus et Renfurcus post partem regis Ranemiri.*

Ó tratarse dunha referencia documental indirecta, non define a categoría dos fundadores nin a súa realidade socioeconómica ou relixiosa, áinda que entendemos posuían un destacado grao de dignidade e elevado nivel de estamento social. Estariamos, polo tanto, ante unha fundación promovida por un grupo familiar aristocrático asentado en Nendos, vinculado a outros poderes superiores, neste caso o monarca Ramiro I. Este documento achega, ademais, outra información cualitativa relativa ó contexto fundacional do mosteiro de Pravio, xa que relaciona de xeito preciso os bens, dereitos e prestacións doados ó mesmo, transmitidos pola familia fundadora na contorna xeográfica das súas posesións: *cum omnio suo accessu uel recessu, montes, fontes, pratis, pascuis, paladibus, uineas, pumares, terras cultas uel incultas, arbores fructuosas uel infructuosas, seu et omnia quantum ad prestitum hominis est.*

En base a estes datos e, dando por certas as afirmacións do bispo Hermenixildo, podemos deducir que houbo un documento anterior, hoxe desaparecido do que non temos constancia, no que se certificaría a doazón por parte dos fundadores do mosteiro, *Spasandus e Renfurcus*, dunha parte da vila de Pravio a favor do rei Ramiro I. Se a isto engadimos o período de reinado do monarca asturiano, entre o 842 e o 850, temos unha delimitación cronolóxica precisa da fundación do mosteiro de Pravio. Quedarían por esclarecer ás motivacións para esta doazón, áinda que podemos conjecturar e deducir, coas oportunas reservas, que estaría relacionado co agradecemento pola defensa do territorio de *Nendos* fronte ós ataques dos normandos que, por estas datas e conforme a *Crónica*

Albeldense, atacaron as costas de *Farum Brigantium* e foron rexeitados polas tropas de Ramiro. O cronista frei Gregorio de Argaiz (1675: 339) relaciona estes sucesos acontecidos na primeira metade do século IX.

En el año de quarenta y cinco fue la primera entrada que hicieron los Normandos en el Reyno de Galicia. En ella destruyeron muchos lugares de las costas de aquel Reyno, y no menos número de Iglesias y Monasterios del Orden de San Benito, particularmente en las marinas de Betanzos y la Coruña.

Evidenciamos durante o século X, como as doazóns convértense no principal mecanismo na construcción do dominio do pequeno mosteiro de Pravio, asociado á creación en parello dunha rede de relacions políticas e clientelares como base do seu poder, principalmente de carácter local. A isto engadiremos a estreita relación e conexión documentada coa monarquía, clave e garante na estratexia de adquisición de bens e dereitos. Estamos, polo tanto, ante un contexto no que as relacions familiares acadan unha importancia de primeira orde na consecución e construcción dun *cursus honorum* nas xerarquías eclesiásticas, unha sorte de nepotismo ou clientelismo na que as organizacións de parentesco, xurdidas inicialmente de xeito espontáneo e natural, rematan ocupando a maioría dos nichos de poder, garantindo unha posición de privilexio e proxección de futuro.



Ramiro I de Asturias (842-850).

As fontes bibliográficas de referencia concordan nesta conclusión, comezando por López Ferreiro (1899: 302), o cal afirma que no 939 o bispo de Iria, Hermenexildo, fixo doazón ó mosteiro de Pravio, fundado en territorio de Nendos xunto ó río Mero, da quinta parte que posuía nesta vila que, conforme Espasando e Renfurco, doáranlla ó rei Ramiro I. García Álvarez (abril 1963: 128) coincide e afirma que Ramiro I recibiu esta doazón de Espasando e Renfurco mediante un documento, perdido na actualidade, pero incluído na carta testamentaria de Hermenexildo a favor do mosteiro de Pravio de 939. De Sá Bravo (1972: 265) tampouco dubida da existencia deste mosteiro, citando a doazón de Hermenexildo ós monxes de Pravio, conforme o fixeran os fundadores Espasando e Renfurco a favor do monarca asturiano. Freire Camaniel (1998: 851), na súa relación de mosteiros da Alta Idade Media en Galicia, confirma o de Pravio e os seus santos titulares, Salvador, María, Xulián e Basilisa, ademais da referida doazón de Hermenexildo en 939.

Referencias documentais no século X

Ademais do mosteiro de Pravio que estamos a analizar, as primeiras referencias documentais dispoñibles sobre outras fundacións monacais en Nendos son coincidentes, tanto no espazo xeográfico que representa este territorio, como no ámbito cronolóxico que podemos circunscribir á primeira metade do século X, destacando os mosteiros de Cines no ano 909, Cambre no 932, Vilacoba no 935 e Soñeiro no 955. Teremos en conta o contexto histórico, que inclúe o proceso de transformación socio política relacionado coa invasión dos pobos musulmáns, que reflectirá na reorganización das aristocracias galegas e a súa integración na monarquía asturiana, desenrolado entre os século VIII e IX, principalmente a partir dos reinados de Ramiro I (842-850) e Ordoño I (850-866).

O primeiro documento específico do mosteiro de Pravio é unha doazón outorgada polo rei Ordoño II xunto á súa muller Elvira Menéndez, en data 20 de xaneiro de 917, mediante escritura a favor do abade do mosteiro de Sobrado, Gundesindo, das vilas de Cela, Pravio e Peiraio, situadas no val

de *Nemitos* a carón do río Mero: *uillis in territorio Gallecie, nominibus Cella Prauio et Paiaragio ipsis in eis competebat* (documento 2). Afirma o monarca neste escrito, que a transmisión destes asentamentos, vivendas, servizos, beneficios, terras, cultivos, augas e habitantes xa foran doadas por Espasando, Renfurco e os seus herdeiros, a favor dos seus pais, os monarcas Alfonso III o Magno e Ximena de Asturias, para dispoñer e xulgar sobre deles con todo dereito. Debemos destacar, neste sentido, a importancia da presenza do monarca e a confirmación real, apoianto e promovendo a fundación e dotación para o sostemento da institución monástica, ademais da figura engadida do abade de Sobrado como propietario e beneficiario de bens e propiedades.

Aínda que non cita expresamente a denominación de mosteiro, si aporta un dato a ter en conta neste sentido, cando nomea a un dos primeiros doadores como *Spasandus cellararuis*, que podemos traducir como despenseiro, cualificativo que se aplica á persoa encargada da *cella*, despensa ou almacén onde se gardan as provisións dunha institución monacal, polo que este aspecto quedaría confirmado. Unha parte a destacar da política despregada por este monarca, que foi rei Galicia entre o ano 910 e o 914, no que asume o trono de León, centrábase na doazón a igrexas e mosteiros de importantes posesións, bens, rendas e dereitos, permitindo a bispos, abades e monxes a formación de abondosos patrimonios señoriais e coutos; establecendo lazos de dependencia e relacións socio-xurídicas cos vasalos, ademais de colonizar e organizar os seus espazos territoriais.

Un curioso documento, datado o 21 de xaneiro de 916, transcribe unha manda testamentaria do monarca Ordoño II a favor do bispo compostelán Sisnando na que, entre outras posesións, deixa á Igrexa de Santiago a quinta parte da vila de Cela, en territorio de *Nemitos*, a cambio da de Láncara en territorio *Lucense* (documento 1). Pasaría indirectamente por este estudo, de non ser polo detalle no que afirma que esta poboación xa fora concedida con anterioridade ó seu pai, o monarca Alfonso III (866-910), por un personaxe de nome Renfurcus: *Cella, que est in territorio Nemitos, iuxta flumen Mero, quinta porcione integra, quam Renfurcus concessit genitori nostro domno Adefonso.* Coas reservas que supón o salto xeracional dos reinados, expoñemos a hipótese de que este

Renfurcus debe ser o mesmo que cedeu a vila de Pravio a Ramiro I entre os anos 842 e 850 e que, como se afirma no documento, posuía tamén a limítrofe de Cela coa que comparte lindeiros.

O historiador García Álvarez (1966: 11) dubida da autenticidade deste documento, ó que lle asigna unha datación no ano 920, posterior, polo tanto, á doazón de Ordoño II a Sobrado das vilas de Cela, Pravio e Peiraio. Baseándose en tal afirmación, o citado monarca xa fixera doazón de vila de Cela, conxuntamente coa de Pravio, ó bispo Sisnando o 20 de xaneiro do 917. Sen entrar a cuestionar o criterio de asignación de datas, pensamos que o motivo desta insistencia documental sería confirmar a propiedade de Cela á Igrexa de Santiago, en competencia co mosteiro de Sobrado que, por estas datas, estaba en proceso de formación. Como xa indicamos anteriormente, o abade de Sobrado, Gundesindo, como percepto da doazón de Pravio e Cela no 917, era fillo dos condes de Présaras, Hermenexildo Aloitez e Paterna, fundadores oficiais deste mosteiro de carácter familiar e dúplice, o que constata a importancia destas vilas en vista do interese manifestado e intervención do propio monarca para xustificar a súa propiedade.

A documentación producida polo mosteiro de Cambre, a escasos dous quilómetros e que comparte límites parroquiais, está directamente relacionada co mosteiro e vila de Pravio. Durante o reinado de Ramiro II, no 932, os irmáns Gutier e Aloito, fillos de Nuño e Visteverga, que se declaran servidores de Cristo e afirman ser netos dos fundadores deste mosteiro, Aloito e as súas irmáns, emiten carta de doazón a favor do compostelán de San Salvador, San Pedro e San Pablo de Antealtares. Neste documento, dirixido ó abade compostelán, enuméranse todas as posesións, propiedades, servos, libertos, lugares, vilas e igrexas que percibiran a través de varios documentos testamentarios dos seus antepasados, destianados á fundación de Cambre (documento 3); no que se insiren os lindeiros do territorio pertencente ó seu dominio xurisdiccional que, pola parte oriental, limita co veciño de Pravio como demostra a toponimia que aínda se conserva na actualidade. Esta división natural comeza no regato de Lendoiro, que desemboca no Mero, e separa as parroquias de Pravio e Cecebre; continúa do marco da ponte de Carballás cara Estorrentada e o castro de Pravio;

proseguindo por outro marco que separa as terras de cultivo de Pravio co lugar de Outeiro, xa na parroquia de Cela, que formaba parte das posesións de Cambre como se indica no documento de 932, *villa Cella cum ecclesia Sancti Vincentii ab integro*⁹.

Entre as varias igrexas e vilas ofrecidas pola familia fundadora do mosteiro de Cambre a favor de Antealtares, como posuidores dos seus bens e dereitos, ademais da citada de Cela, relaciónnase *villam vocabulo Sancti Iohannis ab integro*, que identificamos con san Xoan de Pravio; polo que estariamos ante a confirmación documental da súa subordinación a estas institucións, áinda que diferenciando claramente o asentamento de *villa* co establecemento monástico asentado no seu termo. Como xa vimos con anterioridade, a relación directa entre Pravio e Cela confírmase documentalmente cando menos desde o ano 917.

No ano 939 está datado o documento testamentario do bispo compostelán Hermenexildo Aloitiz, *Hermegildus Dei gratia episcopus*, que xa analizamos na orixe e fundación do mosteiro e que, entre outras circunstancias, confirma a existencia desta institución monástica. Como salvagarda da redención da súa alma, deixa a favor do alimento e vestido dos monxes e do mosteiro de Pravio, a quinta parte do que posuía no seu territorio, composto de montes, fontes, prados, pastos, campos, viñas, terras cultivadas ou baldías, árbores, prestacións persoais dos vasalos e todo o demais que pertenza á vila e os seus termos. Estamos ante unha clara mostra de como o gran incremento patrimonial dos altos cargos eclesiásticos, repercutirá en favor do sostento dos pequenos mosteiros como Pravio, referendado e confirmado colexiadamente por outros dignitarios da Igrexa Compostelán.

9 Coa finalidade de conservar de xeito oficial e seguro esta escritura de doazón, *ad defensionem et conservationem*, confirmatoria da súa propiedade, Aloito fixo depósito da mesma en San Salvador de Oviedo, sé do monarca Ramiro II. Con posterioridade, os seus descendentes Ermenexildo e Hibernia, pagaron cincocentos soldos de plata por recuperar esta documentación diplomática ó monarca Alfonso III, o cal ordenou o seu reintegro previa sinatura da súa confirmación.




Ramiro III, rei de León (966-985).

Os monarcas Ordoño III e Ramiro III, xunto coa súa nai Teresa Ansúrez, confirmán as posesións e termos do mosteiro de Sobrado no condado de Présaras, mediante documento datado entre o 951 e o 968, e relaciona as excepcións que diversos personaxes como o duque Menendo Aloiti, seu fillo o bispo Sisnando, Ruderico e o conde Gonzalo Menéndez, deixaron mediante testamento ós seus herdeiros (documento 5). Entre as posesións que non pertencen a Sobrado, *que non sunt de Superado nec de illos alios monasterios*, relaciona no territorio de Nemitos, entre outros, a igrexa de Cambre coas súas posesións e a vila de Pravio, sen especificar a natureza monástica que ambas posuían.

Aproveitando a estancia de San Rosendo en Celanova, acompañado dos santos fundadores, os bispos Sisnando Menéndez e Hermenexildo de Lugo, asinaron xunto con outros presbíteros, monxes, monxas e testemuñas, un documento datado o 3 de marzo do 960 que inclúe un intercambio entre as vilas e mosteiros de Abelio e Pravio (documento 6). Esta escritura contén unha permuta celebrada entre San Rosendo e os seus monxes de Celanova, con Silo Luci-

lo, monxe do mosteiro de Abelio, xunto con súa irmá Hermesenda e outros monxes e monxas: *Medietatem vobis donamos, et medietatem commutamus vobiscum pro villa in Nemitos, que dicitur Pravio, que vos nobis dedistis, et nos accepimus.*



AHN. San Rosendo, permuta de Abelio e Pravio, 960.

Este mosteiro fundouno no ano 860 unha señora da aristocracia local chamada Elegancia, na súa vila de Abelio, do que foi abadesa. Durante o reinado de Ordoño IV, algúns opositores rexeitaron o poder real e saquearon con violencia esta fundación monástica, polo que os monxes decidiron abandonalo e cambialo pola vila de Pravio, que San Rosendo posuía no territorio de Nendos a carón do río Mero, onde se asentaron e edificaron un novo mosteiro con maior seguridade (López Sangil, 2014: 210). Quedaría de novo confirmada nesta data a continuidade dunha comunidade monástica na vila de Pravio.

Sub era tamen ratione servata damus ipsam villam ut aut fiat ibi monasterium, aut deserviat fratribus monasticam vitam ducentes qualiter non transferatur in laicali parte, et sit nobis et vobis licitum per spaciū dare pervisores qui provideant villa de Pravio, et medietatem de Abelio, et quale plus mayor fuerit quo equemus illam inter nos pacifice.


Como xa mencionamos no documento dos monarcas Ordoño e Ramiro, o mosteiro e vila de Pravio non formaba parte directa das propiedades de Sobrado, e así o transcribe o *Cronicón* de frei Mauricio Carbajo, onde volve a confirmar que nesta data estaba en poder de San Rosendo. De novo, un alto cargo eclesiástico posuía nominalmente a vila, mosteiro e demais propiedades vinculadas a Pravio.

Mosteiro de San Salvador de Pravio. 137. O Mosteiro de San Salvador e Santa María sito na Vila de Pravio a carón do río Mero no Arcediagado de Nendos foi dotado polo bispo de Iria e Compostela Don Hermenexildo no ano 939 como consta na Escritura 53 do Apéndice do seu libro primeiro. Non consta que naquel tempo estivese unido a Sobrado ou que fose da súa filiación; nin consta quen o fundou, nin cando. Polos anos de 960 estaba a Vila de Pravio en poder de San Rosendo dos Monxes; ainda que na Escritura 55 do citado Apéndice, consta que Silo Lucilo e a súa irmá Hermesinda xunto con todos os súbditos do Mosteiro de Abelio trocaron o Mosteiro pola vila de Pravio (e poída que pola Igrexa Monasterial sita nela) con San Rosendo e os Monxes de Celanova¹⁰.

10 Carbajo-Cortés, 1900-1904: fol. 478r.

A falta de documentación específica que confirme outra circunstancia, a vila, mosteiro e demais posesións de Pravio deberon permanecer baixo o poder e control de San Rosendo ata o seu falecemento no 977, sen relación directa co mosteiro de Sobrado que, por estes anos finais do século X, posuía por doazón outras igrexas da contorna¹¹. Así consta na carta de testamento dos condes Rodrigo Menéndez e Elvira Aloitez, outorgada en Santiago o 13 de novembro de 959, no que deixan toda a súa facenda ó mosteiro de Sobrado, entre elles a vila de Cambre: *Id sunt in Nemitos in ripa Mero sicus litori maris uilla Calamber cum adiunctionibus suis*¹². Confirmando o anterior, un novo documento testamentario asinado polo bispo Sisnando Menéndez, datado o 10 de decembro de 966, deixa a este mosteiro numerosas propiedades e vilas ós antes citados, o seu irmán Rodrigo e a súa muller Elvira, ás que engadirán as herdadas dos seus pais Hermenexildo Aloitez e Paterna Gundesindiz (documento 7).

-
- 11 López Sangil, 2002: 14. Don Munio Gutiérrez, coñecido como San Rosendo, procede dunha das familias mais poderosas da nobreza alto medieval galega, os Froilaz Traba, emparentados con varios monarcas. Era irmán de don Froila, dona Aldosinda e dona Ermesinda Gutiérrez, fillos todos do conde don Gutierre Arias Menéndez, titular de seis condados galegos por concesión real, e de dona Ilduara Eriz, filla do conde de Lugo don Ero Fernández. O seu pai, Gutierre, era fillo do conde don Hermenexildo Gutiérrez (869-912), sogro de Ordoño II, descendente á súa vez do conde don Gutierre Aloitez e de dona Elvira; e a súa esposa dona Ermesinda Gatoñez, prima do rei Alfonso III o Magno. O conde don Hermenexildo era irmán do conde Aloito Gutiérrez, casado con Argilo Aloitez, filla dos condes Aloito e Paterna, pais á súa vez de Gundesindo bispo de Santiago, e de Hermenexildo Aloitez conde de Présaras (898-966).
- 12 López Ferreiro, 1998: 169-171. Apéndices nº LXXIII. *Era DCCCCXCVII. Sobrado. Ano de C. 959. 13 de novembro.*



AHN. Testamento do bispo Sisnando, 966. Sinaturas dos confirmantes.

Unha parte do denominado condado de Nendos continúa nesta época baixo o dominio de Sobrado, así consta nun documento de confirmación do monarca Ramiro III, datado en León o 17 de setembro de 968, a favor do seu abade Pedro: *Ego vir serenissimus et principes Ranemirus nutu Dei rex [...] donamus atque concedimus et contestamus [...] et IIII^a de comitatu Nemitos vel ceteris hominibus ingeniusabitantibus per vicis villulisque vestris simul [...]*¹³.


Na relación do inxente patrimonio familiar doado a Sobrado, consta a vila de Cambre e as súas propiedades, *Calambre integra cum adiacentiis suis*, pero sen referencias á veciña de Pravio. Poucos anos despois, repítese a mesma circunstancia no documento de inventario de herdades e vilas que foran doadas a Sobrado por Hermenexildo e Paterna, seus fillos o bispo Sisnado e seu irmán o duque Rodrigo, datado no 971, que volve a relacionar *in ualle Nemitos, uilla Calambre cum adiacentiis suis et cum sua creatione, uilla Zezebri*, localidades ambas que posúen límites coa

13 AHN. Sobrado. Cartulario I, fol. 38r – 39r. León, 968, setembro, 17.

vila de Pravio (documento 8). Outras vilas limítrofes con Pravio estaban igualmente na órbita de Sobrado, como Vilanova e Nós na ribeira dereita do río Lendoiro, doadas polo presbítero Pelaio a favor de Hermenexildo e Paterna, como consta no documento datado o 15 de maio de 941¹⁴. Chama a atención que esta familia fixera doazón da vila de Cambre a Sobrado, cando consta que os herdeiros do fundador xa oficializaran documentalmente no ano 932, ofrecendo ó mosteiro compostelán de Antealtares, ademais da igrexa, a vila e o territorio coa descripción dos seus límites e acoutamento.

Despois de analizar estas evidencias documentais, xunto as que veremos de seguido, achegamos a proposta teórica de que o mosteiro de Pravio debeu disolverse ata desaparecer nas décadas finais do século X, coincidindo coa fundación do veciño de Cambre e posterior cesión a Antealtares, como parte da estratexia de adquisición de propiedades a favor dos mosteiros mais poderosos. Pravio e as súas posesións, dereitos, habitantes e couto territorial, pasou a depender do mosteiro de santa María de Cambre, progresivamente dotado e mellorado por familias aristocráticas, principalmente a casa de Traba, e referendado pola xerarquía eclesiástica e monárquica; cunha clara intención de centralización, optimización de recursos, percepción de dotacións e herdades cara o seu engrandecemento.

14 AHN. Sobrado. Cartulario I, fol. 16v – 17r. 941, maio, 15. *Ego Pelagius presbiter filius quondam parentum meorum vobis Hermenegildo et Paterne. Placuit mihi bone pacis voluntas ut facerem vobis textum scripture imparziationis sicuti et facio de mea hereditate que habeo de parte patris suis Randoni et est ipsa villa cocitata Villa Nova in valle Nemitos iuxta flumem Mero villa Noce ubi abus meus Randon habitavit id est domos cum intricesis suis [...].*



AHN. Inventario de doazóns a favor de Sobrado, 971.

Neste sentido, Cambre presenta unha situación xeográfica óptima, reafirmado polo establecemento dunha *villae* anterior de época tardo rromana de certa importancia (séculos IV-V) asentada a carón dun importante castro da Idade do Ferro; xerme do poboamento alto medieval cunha evidente superposición espacial, da que si conservamos restos arqueolóxicos, na actualidade amparados nun museo a carón do templo románico de Santa María, do século XII. A complexidade e calidade das estruturas termais e artes decorativas do xace-

mento romano de Cambre, son indicativos da presenza de elites de alto nivel económico e social, o que implica un alto grao de romanización, tendo en conta que nos atopamos dentro dun contexto plenamente rural. Non podemos obviar, por outro lado, que por aquí pasaba o trazado da vía romana XX descrita no Itinerario de Antonino, *per loca maritima*, trazado viario que se presenta como elemento de comunicación artellador do territorio de Nendos, unindo a *civitas* portuaria de *Brigantium* coa capital do convento lucense, *Lucus Augusti*, pasando pola actual Betanzos, *Flavium Brigantium*. Podemos considerar, pois, os séculos finais da romanización como o momento de establecemento das bases que conformarán a estrutura territorial alto medieval, nun proceso de adaptación coa conseguinte aparición de pequenos asentamentos rurais, as *villae*, e fundacóns monacais asociadas a elas como a de Pravio ou Cambre.

Organización do espazo agrario e infraestruturas produtivas

Algúns dos documentos mais antigos de doazón e confirmación ó mosteiro de Pravio, conteñen referencias explícitas á orientación económica do dominio asociado ó seu hábitat, coa *villa* e a *ecclesia* como eixo artellador e lugar central na ordenación do espazo rural, terras de cultivo, pastos e montes en maior medida, máis sen especificar o modelo de xestión e organización da propiedade monástica. As referencias na documentación sobre estes espazos de explotación agraria, detallan diversas tipoloxías de cultivo, aínda que sen aportar datos cualitativos nin cuantitativos sobre a capacidade de semente e a utilización das terras, pero que resulta indicativo dunha produción agropecuaria uniforme e común a outras vilas e pequenos asentamentos monásticos en todo o territorio de Nendos. A análise da documentación contractual dos foros que se desenvolve en séculos posteriores nos mosteiros de Cambre e Bribes, indica que a maioría das terras adicábanse á produción de cereal; coa propiedade en mans de membros do estamento privilexiado ou *domnos*, que exercen o seu control como axentes señoriais, *possessor*, con capacidade para a súa apropiación, venda, cesión ou doazón.

O documento de Ordoño II de 916 relaciona, na vila de Cela, diversos elementos como vivendas e edificios, pomares, viñedos e terras no seu límite e contorna: *cum*

domibus, edificiis, pomeriis, uineis, terris, quicquid ad prestitum hominis esse uideatur, per terminos suos in omni circuitu. A doazón deste monarca a Sobrado no ano 917, das vilas de Cela, Pravio e Peiraio, transcribe todos os beneficios e achegas incluídos nos seus límites, terras cultivadas e incultas, árbores froiteiras e infrutuosas, augas correntes e as que non, pertencentes a estas vilas: *in omni circuito cum omnibus prestationibus uel adiunctionibus suis, idest cum terris cultis uel incultis, arboribus fructuosis uel infructuosis, aquis currentibus uel non currentibus, et cum omnibus que ad ipsas uillas pertinent.* Na mesma liña, o documento de doazón do bispo Hermenexildo ó mosteiro de Pravio en 939, relaciona as posesións, próximas e alonxadas, compostas de montes, fontes, prados, pastos, chairas, viñas, pomares, terras cultivadas ou baldías, árbores froiteiras e infrutuosas, todo o que sexa propiedade dos homes, da vila e os seus límites: *cum omni suo accessu uel recessu, montes, fontes, pratis, pascuis, paladibus, uineas, pumares, terras cultas uel incultas, arbores fructuosas uel infructuosas, seu et omnia quantum ad prestitum hominis est, quidquid pertinet ad ipsa uilla per omnes suos terminos.*



Tarefas agrícolas na Idade Media.

Estamos, pois, en presenza de zonas agrarias de explotación intensiva, cun réxime que mistura a produción de hortas, terras de labor e árbores froiteiras mais próximas á *villa*, con outras de pastos e monte mais lonxe, *cum omni suo accessu uel recessu*, nun progresivo proceso de colonización do espazo rural. Na relación de terras, fai unha diferenciación explícita entre cultivadas, dedicadas a labranza sen especificar o tipo de cultivo, e incultas ou baldías, para outros usos

non produtivos. Observamos tamén unha separación entre os espazos de montes, xeralmente para aproveitamento colectivo, e os pastos para mantemento do gando, aínda que non se rexistran mencións directas a actividades gandeiras ou de produción animal. Destacan pola súa importancia os cultivos individualizados, pomares para a elaboración de sidra e viñas para o viño, producións que suponen unha importante fonte de ingresos e que, supoñemos, levarían aparellados elementos e infraestruturas para a súa xestión. As ábores posúen igualmente unha diferenciación entre as produtoras de froito e as que non, xeralmente empregadas para abastecemento de madeira construtiva ou leña para o combustible. A rede hidráulica, *fluum Mero, aquam ad portum Kauallas, aqua de Lindorio*, ademais da función de límite xeográfico natural, aparece tamén relacionada na documentación como elemento principal na produción agraria, xa sexa como fontes, regatos e afluentes, diferenciando os de auga corrente e os de estancada.

Consolidación da rede parroquial. Séculos XI-XII

Durante o século X, as igrexas rurais do territorio de Nendos aparecen descritas na documentación como parte da comunidade á que pertencen, a *vila*, asumindo funcións de culto, económicas, de xestión do hábitat, asentamento físico, necrópole e centro de referencia espacial da comunidade, como características que definen o poboamento alto medieval; ademais de punto de recadación fiscal e percepción dos décimos, tanto pola xerarquía eclesiástica como pola nobiliaria. As referencias documentais que aportamos do século XII, conteñen o marco e a delimitación territorial das *ecclesia* perfectamente definidos. Como veremos, a denominación de *villa* que precisaba os asentamentos na documentación ata o século X, substitúese polo de *ecclesia* como referente territorial: *ecclesiam sancti Iohannis, aecclesiae Calambre, aecclesiae de Cella, ecclesiam de Prauio, ecclesia Sancti Vincentii de Cella, ecclesia Sancti Iohannis de Prauio*.

Os documentos do século XII xa non fan referencia á institución monástica de Pravio, senón á denominación como *ecclesia*, formando parte da órbita do mosteiro compostelán de Antealtares ou do veciño de Cambre. En 1141, os monarcas Alfonso VII e Berenguela asinan unha carta de escritura e acou-

tamento a favor de Antealtares e o seu abade Ruderico, concedéndolle entre outras propiedades, a igrexa de San Xoan e a vila de *Salam de Pravio*, que estaban en poder de Veremundo Petriz por concesión real, o cal a trocará con San Paio recibindo por ela a herdade de *Vendimiolo* que tamén se acouta (documento 9). Esta doazón a perpetuidade comprende, ademais da igrexa e a vila de Pravio, todo o seu territorio, herdades e couto propiedade do monarca, que por esta época xa estaba perfectamente delimitado; pasando de estar xestionado por unha persoa que se supón de certa importancia, a mans dunha institución monástica de primeiro nivel como Antealtares. Mediante este mecanismo consegue acadar, por unha parte, un reforzo do poder real e, por outra, suplir a carencia dun aparato burocrático efectivo que garanta o control territorial como elemento artellador do novo mecanismo de poder, o señorío.



Alfonso VII. Concesión da vila e couto de Pravio a favor de Antealtares, 1141¹⁵.

15 ARG. 3.3.2./Plano 1288. Sinatura antigua: Caixa 7, actual 52.445.

O feito de estar asinado polo propio monarca, *Ego imperator Adefonsus*, ademais dos bispos de Compostela, Ourense e Lugo, é indicativo da importancia do acoutamento e a certificación da propiedade, áinda que sexa desta pequena igrexa rural, no contexto do control feudal, administrativo, territorial e fiscal, que se desenrolará entre os séculos XI e XIII. Esta concesión real de natureza xurisdiccional, baixo a fórmula de privilexio de couto, configúrase como un dos elementos básicos do proceso de feudalización, en referencia directa á inmunidade como factor esencial da delegación do poder público exercido polo monarca nesta época, cedendo parcelas de autoridade cara a institucións e autoridades eclesiásticas.

Un novo documento de Alfonso VII, datado o 23 de setembro de 1141, confirma a favor de Antealtares a xurisdición exenta, voz rexia e caritel da igrexa de Cela e do mosteiro e igrexa de Cambre, acoutando e relacionando os límites territoriais nos que non se inclúe Pravio, áinda que si o cita como lindeiro (documento 10). A xustificación do emperador para esta doazón e acoutamento, baséase no desexo de participar dos beneficios espirituais xurdidos dos oficios eclesiásticos de Cambre, tanto en favor propio como para o seu fillo Fernando, ademais da condesa dona Sancha González, muller do conde Fernando Pérez de Traba, quen percibe de por vida esta tenencia e couto da man de Antealtares. Destacamos neste punto o enorme interese amosado polo mosteiro compostelán por demostrar a súa superioridade e confirmar o dominio e dependencia de Cambre ante outros poderes, tanto nobiliarios como monacais, chegando incluso a redactar documentos en épocas posteriores e que hoxe en día acadan unha dubidosa autenticidade, utilizando para estes fins a superior autoridade do emperador Alfonso.

Preterea cauto uobis duas ipsas aecclesias cum omnibus ibidem michi pertinentibus per castrum inter Armentar et Extorrentada et per anta inter Armentarem et Cella et per patronem inter Cella et Prauio et per fontem Guntin [...] Almero et per fontem Maiorem et per castrum de Lema et per serram de Cororolanio et per aquam de Trouano et quomodo diuidit inter ambos Mesigos et per ripan de super Suaua et per castrum de sancto Laurentio et per Pintanionem et inde per aquam usque Merum et inde per eumdem fluuium usque Lindorium et concludit ad castrum ubi incepimus.

Lembremos que o mosteiro de Cambre foi doado pola familia dos patróns fundadores a Antealtares, mediante documento datado o 16 de agosto de 932, e asinado por personaxes destacados como o monarca Ramiro II, os bispos Brandericu, Hermoixildo e o compostelán Hermenexildo, san Rosendo ou os condes Nuño e Gutierre Osoriz. Ademais das igrexas citadas, o monarca inclúe no couto territorial varios lugares lindeiros con Pravio, como o castro entre Armental e Estorrentada, o marco entre Armental e Cela, o padroado entre Cela e Pravio, e o regato de Lendoiro ata o castro inicial, como xa vimos no documento 3.

Prefata villa Calambre cum suis adiacenciis et prestacionibus per suos terminos et loca antiqua, quomodo intrat aqua de Lindorio in illo mare et inde infestum per ipsam aquam ad portum Kauallas et inde per ipsam aquam usque in directo illo Outeyro super Lindoiro et per illam antam et per marchos, qui diuidunt contra Storrentada, et per mamolam de Storrentada et inde ad illam archam de castro de Prauio et inde ad illam mamolam super illam veredam usque in illa anta de Prauio, que stat inter terminos de Cella, qui concludit ad archam desuper Outeiro de Cella, et inde per terminum inter Cellam et Calambre et inde ad fluvium de Mero et inde per Merum usque Bouestos Gil.



Doazón de Cambre a Antealtares por Gutier e Aloito, 932. Confirmantes¹⁶.

16 ARG. 3.3.1./1188. Sinatura antigua: No verso, Caixa 2-B, Caderno 1 prosigue peza 1, Mazo 96 de pergameos.

Unha vez mais, o mosteiro de Sobrado volve ser protagonista do reparto territorial da igrexa de Pravio e, de novo, baixo o dominio dun personaxe particular, Suero Menendez, o cal deixa escrito no seu documento testamentario, datado o 11 de abril de 1165, a cesión de varias igrexas, vasalos, dereitos e posesións propias ó mosteiro de Sobrado da man do abade Egidio (documento 11). Entre as relacionadas figura, ademais de varios dereitos na veciña vila de Cecebre, a doazón de tres serviciais da igrexa de Pravio, *et ecclesiam de Prauio cum tribus seruitalibus*; unha sorte de arrendamento de dereitos en favor do poder privado, ó noso parecer, pois continúa baixo o dominio de Antealtares, como veremos. Esta afirmación conta cunha certificación documental precedente asinada polo papa Euxenio III, datada o 9 de maio de 1147, na que confirma as posesións do mosteiro de Sobrado no territorio de Nendos, e non se relaciona a de Pravio: [...] *Et in territorio de Nendos Genrozo et Untia et Petario et Salinas et Ventosa et Mariniano [...]*¹⁷.

A confirmación da pertenza de Pravio ó mosteiro de Antealtares de Santiago, certificase en documento datado no 1165, no que o monarca Fernando II asina a doazón desta igrexa e dos seus fregueses á institución compostelá e que, por subrogación, rematará dependendo e formando parte do couto territorial do mosteiro de Cambre.

San Payo. San Juan de Pravio. Donación que hiço al Monasterio de San Payo de Antealtares el Rey don Fernando de la yglesia de sant Juan de Prabio con todos sus Parroquianos y lo a ella perteneciente. Era de 1203, maço 131, folio 3¹⁸.

As relacións entre a nobreza e as institucións monásticas son complexas e imbricadas, como observamos na constante presenza de membros do estamento privilexiado nos documentos analizados. Con data 25 de marzo de 1182 e reinando Fernando II, está documentada a cesión do mosteiro de Cambre, xunto coas igrexas de Cela e Pravio, *monasterium sancte Marie de Calambrio cum ecclesia Sancti Uincenctii de Cella et Sancti Iohannis de Prauio*, por parte do

17 AHN. CÓDICES, L.976. Cartulario del monasterio de Santa María de Sobrado. Doc. A. *Privilegium quod fecit papa Eugenii de monasterio Supperadi.*

18 AHD. San Martín, c. 50, Arch. abbrev., M. 131, f. 127r.

abade Pedro IV en nome de Antealtares a favor de dona Urraca González, filla do conde Gonzalo Fernández, da casa de Traba. Para acadar esta empresa, contaba coa preceptiva autorización do seu marido don Froila Ramírez, do seu irmán o conde don Gómez e a súa filla Tareixa; neste momento coa actividade monástica desenrolada baixo a dependencia da casa compostelán, áinda que conservando un certo grao de autonomía (documento 12). Engadiremos, como antecedente na consecución deste acordo, o suscrito pola súa avoa a condesa dona Sancha González en 1141, reservando a continuidade dos dereitos de padroado para a súa familia e descendentes.

Conveñen as partes nesta cesión, que dona Urraca vivirá de por vida neste mosteiro de Cambre, posuindo o couto, propiedades e as igrexas de Cela e Pravio, e desexa recibir sepultura aquí ou en Antealtares, determinando ademais que Cambre será rexido por un monxe de San Paio ó que nomearán prior; todo a cambio de sufragar anualmente con 100 soldos a obra que se está a facer no claustro do mosteiro compostelán. Engade, ademais, o seu compromiso de continuar as obras da fábrica e que calquera beneficio obtido no territorio de Nendos pasará a integrar o patrimonio propio de Santa María de Cambre, todo o cal se reintegrará a Antealtares ó seu falecemento. A importancia deste documento contractual, confirmase cos posteriores recoñecementos asinados polos monarcas Fernando III o Santo, Alfonso XI e Xoan I. A residencia desta señora consta nun documento no que se recolle unha doazón feita pola *comitissa domna Hurraca Gundisalvi*, a favor de Sobrado, de todas as súas posesións neste couto e granxas, datado o 1 de agosto de 1190, redactado e asinado no mosteiro de Cambre: *Factum scriptum apud monasterium sancte Marie Calambre*¹⁹.

Esta familia obtivera da man de Alfonso VII en 1135, a posesión do mosteiro de Sobrado ó ser recoñecidos como descendentes dos fundadores e, en consecuencia, con dereitos sobre o de Cambre e os seus anexos. Si en 1141 a igrexa de Pravio quedaba fora dos límites xurisdicionais do couto de Cambre, con Fernando II en 1165 está plenamente integrada no seu territorio baixo a órbita señorial dos Traba como patróns laicos e do mosteiro de Antealtares, xa sen rexistros da influenza de Sobrado. Continuarán durante os séculos seguintes

19 Loscertales (Vol. I), 1976: 381. Tumbo I, fol. 127v.

as disputas polos beneficios, territorio e obrigas fiscais de san Xoan de Pravio, como a xerada en 1298 e cuxa sentencia confirmou, ordenou gardar e cumplir o monarca Juan I: *Cambre. Pravio. Carta y Confirmación del Rey Don Juan en que manda que la Sentencia que fue dada en favor de los Cotos de Cambre y de Pravio sobre los Pechos Reales que pagan se guarde y cumpla. Era de 1398, folio 8²⁰.*



Santa María de Cambre, século XII.

Conclusións

Para rematar, presentamos unha breve valoración dos aspectos desenvolvidos neste traballo coa finalidade de extraer unhas primeiras conclusións sobre os obxectivos propostos ó comezo do mesmo. A primeira das cuestións que abordamos neste apartado, é a referente á dubidosa existencia do mosteiro alto medieval de Pravio. A través dos diferentes rexistros transcritos nas fontes documentais dispoñibles, podemos confirmar a súa presenza entre mediados

20 AHD. San Martín, c. 50, Arch. abrev., M. 131, f. 127r. Observamos un erro na transcripción, xa que o monarca Juan I ocupou o trono de Castela entre o 1379 e o 1390, polo que na data que pecha a cita, o ano 1360, reinaría Pedro I, 1350-1369.

do século IX, baixo o reinado de Ramiro I, ata as décadas finais do X, época no que pasaría a depender de Cambre, de recente fundación.

Na exposición do corpus descriptivo intentamos aproximarnos ó ámbito historiográfico alto medieval, desde o estudo xeográfico da unidade territorial conformada polo antigo territorio de Nendos e, máis polo miúdo, na escala espacial circunscrita ó ámbito local específico das *ecclesia* e *villa* de Cambre, Cela e Pravio. Consideramos estas achegas de interese para o estudio e analise do territorio alto medieval, simbiose entre o medio físico e humano que nos permiten obter unha serie de conclusíons sobre a evolución histórico-social deste ámbito xeográfico, representativo dun espazo e poboamento de maior amplitude como Nendos, nunha idea xeral de uniformidade espacial e continuidade temporal. Asistimos á expansión e consolidación da estrutura territorial baseada na fundación de pequenos mosteiros familiares e igrexas como xerme da colonización deste espazo rural alto medieval, a creación de novos asentamentos, vilas e aldeas, a súa delimitación, acoutamento e interrelación.

O gran dinamismo destes primeiros poderes monásticos, xunto co papel arteillador das *ecclesia*, propician a consolidación da rede parroquial, permitindo achegarnos un pouco mellor ó coñecemento dos procesos que definen a evolución histórica das estruturas territoriais e a organización socio política que evolucionará cara a sociedade feudal medieval dos séculos posteriores. Aínda que de xeito breve e limitado, Pravio formará parte deste proceso ata a súa integración e dependencia do mosteiro de Cambre, favorecido pola súa óptima situación xeográfica, sumado ó importante factor dunha mellor dotación e financiamento por parte dunha das familias mais poderosas de Galicia, os Traba.

Como xa indicamos, a escaseza de fontes documentais primarias na escala temporal do estudo, limita e impide abordar coa profundidade que sería deseable, unha visión historiográfica más completa e detallada sobre o mosteiro de Pravio e as súas relacóns políticas, económicas, sociais ou eclesiásticas. Conscientes destas limitacóns, deixamos aberta a porta para novas achegas que aporten algo de luz sobre a historia deste pequeno mosteiro rural.

Documento 1

916, xaneiro, 21. XVI kalendas februarii, era DCCCC^a LIII^a. Ordoño II, co consentimento do bispo Sisnando e o seu cabido, cambia coa Igrexa de Santiago as vilas de Oza e Cela que herdara do seu pai, o monarca Alfonso III, pola de Láncara a carón do río Neira, que o seu irmán legara no seu testamento a esta Igrexa²¹.

Domno inuictissimo ac triunfatori glorioso Dei martiri Sancto Iacobo apostolo, cuius corpus tumulatum esse dignoscitur in prouincia Gallecie, sub arcis marmoricis. Hordonius rex. Dubium quidem esse non potest, quod plerisque notum manet, eo quod germanus noster Gundisaluus, ad obitum ueniens, mandauit ut pro anime sue remedio testaret aule uestre uillam uocitatam Lancara, que est in territorio Lucense, secus flumen Neira. Modo tamen placuit michi Hordonio, una cum consensu domni Sisnandi episcopi uel fratribus uestre domui deseruercium, ut commutarem ipsam uillam cum eis, sicut et commuto, et accepi ab eis ipsam uillam iam superius nominatam cum cunctis edificiis et prestationibus suis, ut sit iuri meo debita; pro qua et ego testo glorie uestre pro ea, secundum canonum decreta, alias duas similes illius: unam quam uocitant Ocia, que est in territorio Nemitos, et fuit de successione patris nostri, diue memorie, domni Adefonsi; ipsam uillam cum dominus et edificiis, pomeriis, accessum uel regressum cum omnibus prestationibus earundem, sicut patris mei fuit, ita et nunc parti uestre sit semper debita; siue et alia quam dicunt Cella, que est in territorio Nemitos, iuxta flumen Mero, quinta porcione integra, quam Renfurcus concessit genitori nostro domno Adefonso, cum domibus, edificiis, pomeriis, uineis, terris, quicquid ad prestitum hominis esse uidetur, per terminos suos in omni circuitu. Ita ut ammodo et deinceps, unusquisque quod accepit firmiter et inreuocabiliter obtineat, ut et ipse germanus meus supra memoratus peccatorum suorum ueniam mereatur, et michi a te, Apostole sancte, presentibus inimicis sit firma tutatio, et post huius uite excessum eterna reparatio, amen. Siquis tamen, hoc factum infringere uoluerit, presenti a fronte careat lucernis, et quod afferre conauerit in duplo restituat, et hoc

21 García Álvarez, 1966: 18. Conforme o autor, documento falsificado ou, cando menos, erroneamente transcrito. Á vista da transcripción do documento, modificamos a data proposta polo autor, que afirma ser unha copia con errores do orixinal, 920, agosto 17.

factum nostrum in cunctis obtineat firmitatis roborem. Facta cartula testamenti uel commutationis sub die XVI kalendas februarii, era DCCCC^a. L. IIII^a.

Hordonius rex conf. Assurius episcopus conf. Recaredus episcopus conf. Gu-therre Menendiz conf. Gutherre Osoriz conf. Armentarius testis. Froila rex conf. Herus testis. Muninus testis. Geremias testis.

Documento 2

917, xaneiro, 20. Era DCCCCLV. O monarca Ordoño II e a súa dona Elvira, doan a Gundesindo, abade de Sobrado, as vilas de Cela, Pravio e Peiraio, a carón do río Mero²².

In nomini Domini, Hordonius rex et Geluira regina una cum filiis nostris tibi Gundesindo abati in domino salutem amen. Non est enum dubium quod plerisque manet notissimum eo quod Spasandus cellararus, Remfurcus et sui heredes facerunt cartam donationis diue memorie parentibus meis domno Adefonso et domne Scemene de uillis in territorio Gallicie, nominibus Cella Prauio et Paiaragio quantum ipsis in eis competebat: inter suos heredes, et iacent ipse uille in ualle Nemitos secus fluum Mero, et habuerunt ipsas uillas iuri quieto dum uita uixerunt et reliquerunt michi, nobis tamen supramemoratis placuit ut faceremus tibi Gundesindo textum scripture donationis de eis sicut et facio, ita ut ab hodierno die uel tempore sint ipse uille iuri tuo dedit, per omnes suos terminos anticos: in omni circuito cum omnibus prestationibus uel adiunctionibus suis, idest cum terris cultis uel incultis, arboribus fructuosis uel infructuosis, aquis currentibus uel non currentibus, et cum omnibus que ad ipsas uillas pertinent et parentes mei habuerunt et ego omnia tibi dono atque concedo, siue et homines qui in eisdem uillis sunt habitatores qui de casata sunt ipsius spasandi, uel alios qui cum ipsa uilla nobis facerunt rationem: tibi eam persoluant, et a nobis omnia donata accipias, ut quicquid de eis agere uel iudicare uolueris, liberan in Dei nomine habeas potestatem, stante ac perma-

22 Lucas Álvarez, 1998: 94. Documento 30.

nente hac scriptura donationis in omni robore et perpetua firmitate. Sub die XIII kalendas februarii, Era DCCCCLV.

Hordonius rex conf. Geluira cof. Sanctus Conf. Adefonsus conf. Ranemirus conf. Frunimius eps. conf. Hermoigius eps. conf. Didacus eps. conf. Recaredus eps. conf.

Sauaricus eps. conf. Lucidus Uimarani ts. Gutierre Menendiz ts. Gutierre Oso-rio ts. Armentarius Siloni ts. Recemirus ts. Amphilotus ts. Muninus ts. Lallinus ts.

Documento 3

932, agosto, 16. Era DCCCCLXXX. Gutier e Aloito, fillos de Nuño e Visteverga, e netos de don Aloito, fundador coas súas irmás Vistiverga e Urraca Odrocia do mosteiro de Cambre, confirman a súa fundación, dotación e lindeiros, e ofréceno ó mosteiro compostelán de Antealtares con todas as súas propiedades, dereitos, dotacións de igrexas e bens²³.

Christus. In nomine sancte et indiuidue Trinitatis. Nos exigui famuli Christi Gutier et Eloitus, qui sumus filii condam Nunii et Vistiverge, vobis fratri Adulfo abbatи monasterii Sancti Saluatoris et Sancti Petri apostoli atque Pauli Antealtarios in Domino sempiternam salutem.

Multorum etenim absque ambiguitate certissime manet cognitum eo quod auus noster dominus Aloytus necnon etiam et germanos suos domna Vistiuerga et domna Vrracha Odrozia recesserunt absque filios et diuiserunt per colmelos cum domino Petro uel alias suos germanos villas, seruos et libertos per cartam diuisionem. Ipse quidem, dominus Aloytus et suas germanas hedificauerunt ecclesiam in aule Nemitos, locum quem vocant Calambre in honores Sancti Saluatoris et Sancte Marie semper virginis et per seriem testamenti conces-

23 Lucas Álvarez, 2001: 171-173. Documento 1. Transcripción do pergameo depositado no ARG, copia de mediados do século XIII en tipografía carolina.

serunt ad eumdem locum causam non modicam, inter quibus et villas per nomen vocitatas, id sunt; Prefata villa Calambre cum suis adiacenciis et proadcastionibus per suos terminos et loca antiqua, quomodo intrat aqua de Lindorio in illo mare et inde infestum per ipsam aquam ad portum Kauallas et inde per ipsam aquam usque in directo illo Outeyro super Lindorio et per illam antam et per marchos, qui diuidunt contra Storrentada, et per mamolam de Storrentada et inde ad illam archam de castro de Prauio et inde ad illam mamolam super illam veredam usque in illa anta de Prauio, que stat inter terminos de Cella, qui concludit ad archam desuper Outeiro de Cella, et inde per terminum inter Cellam et Calambre et inde ad fluum de Mero et inde per Merum usque Bouestos Gil. Concessit etiam ad eumdem locum villa que dicitur Cidriales cum eclessia Sancti Iacobi ab integro; villa Cella cum eclessia Sancti Vincen-
tii ab integro; villam vocabulo Sancti Iohannis ab integro; villam Eluina cum eclessia Sancti Vicentii [...].

Facta scriptura confirmationis et series testamenti sub die quod manet XVIIº kalendas sebtembris era D CCCC L XXXº.

Gutier hanc scripturam testamenti secundum ordinatum accepi manu propia confirmo. Aloytus in hac scriptura testamenti secundum ordinatum accepi manu propia confirmo. Suarius Ludici ad instar uoluntatem ilius manu propria confirmo. Gutier Suaris cum germanum eorum confirmo. Vistiuerga confirmo [...].

Documento 4

939. Era DCCCC^a LXXVII^a. O bispo compostelán D. Hermenexildo de Iria offrece en doazón a favor do mosteiro de Pravio e os seus monxes, todas as súas posesións pertencentes a esta vila, en territorio de Nendos²⁴.

In nomine sancte et indiuidue Trinitatis, siue ab honorem sancti Saluatoris et sancte Marie et sancti Iuliani et sancte Basilisse, cuius basilica fundata esse

24 AHN. CÓDICES, L.977. Cartulario del monasterio de Santa María de Sobrado. XL. *Karta de testatione de uilla de Prauio in territorio Nendos.*

dignoscitur in uilla que uocitant Prauio, territorio Nemitos iuxta fluum quem uocitant Mero. Ego humillimus ac seruorum domini seruus, licet immerito Hermegildus episcopus, placuit mihi bone pacis uoluntas ut facerem textum scripture post partem idem ecclesie, sicuti et facio, de uilla iam superius nominata de V^a portione ab integro secundum illam concesserunt Spasandus et Renfurcus post partem regis Ranemiri. Ita et ego ipsa V^a ab integro per huius textum scripture ad ipsan ecclesiam offero pro remedio anime mee cum omni suo accessu uel recessu, montes, fontes, pratis, pascuis, paladibus, uineas, pumares, terras cultas uel incultas, arbores fructuosas uel infructuosas, seu et omnia quantum ad prestitum hominis est, quidquid pertinet ad ipsa uilla per omnes suos terminos ab integro dono atque concedo pro uictu atque uestito monachorum in ipso loco deseruentium, tam illi qui ibidem sunt, quam qui post illos in uita sancta perseuerauint. Si quis tamen homo contra hunc factum meum ad irrumpendum uenire temptauerit, in primis sit excommunicatus a communione sancta, et cum Ida domini traditore parem supplicium accipiat in eterna damnatione et hanc scripturam in cunctis obtineat firmitatis rouorem.

